

Intervención do presidente Parlamento de Galicia na clausura da xornada “40 anos de autogoberno. As institucións estatutarias de Galicia. Retos e oportunidades”

Parlamento de Galicia, 28-05-2021 // 13,30 h.-

- Valedora do Pobo,
- Conselleiro maior do Consello de Contas de Galicia,
- Presidenta do Consello da Cultura Galega,
- Magníficos Relatores das mesas redondas,
- Conselleira de Emprego e Igualdade e Conselleiro do Medio Rural da Xunta de Galicia,
- Membros da Mesa, portavoz e deputadas e deputados do Parlamento de Galicia,
- Fiscal Superior de Galicia,
- Autoridades,
- Señoritas e señores:

Boa tarde, xa, a todas e a todos, logo dunha mañá intensa na que, como lles adiantaba na inauguración, faltou tempo para afondar nos asuntos que inspiran o programa desta actividade.

Certamente, non descubro nada novo ao compartir con vostedes a miña preocupación pola crise de confianza que acompaña a crise económica, sanitaria e social derivada da covid-19.

Crise de confianza, aclaro, que non é exclusiva das institucións públicas, pero que si é consecuencia, en parte, como ben apunta o historiador e escritor israelí Yuval Noah Harari, autor de supervendas como *Sapiens. De animais y dioses*, das «estratexias adoptadas anos antes por aqueles políticos que buscaron, deliberadamente, minar a confianza nos medios de comunicación, nas institucións académicas e nas autoridades. Agora, dámonos conta do perigoso que é, xa que a

confianza é o motor do sistema. O noso mundo baséase na confianza depositada en descoñecidos».

Non preciso citar nomes nin siglas, mais resulta evidente que o andazo de populismo que percorre o mundo non é alleo a esta situación. Populismo, por certo, ausente neste Parlamento por decisión democrática das galegas e galegos.

Outros expertos, como o profesor Juan Narbona, vinculan esta desconfianza coa falta de coherencia ou coa incapacidade para ofrecer solucións aos retos formulados.

Concordaremos en que superar esta situación non resulta precisamente doado, aínda que actitudes como a claridade e a previsibilidade dos obxectivos que buscan acadar as institucións; que os discursos vaian sempre amparados en feitos (volvemos á importancia da coherencia); pedir perdón cando non se estea á altura das circunstancias, porque a perfección non existe; e impulsar a cultura da transparencia nunha sociedade cada día máis esixente, semella unha folla de ruta axeitada.

Lonxe de caer na autocompracencia, parte do traballo desenvolvido durante os últimos anos nesta casa axustouse, en boa medida, ás premisas enunciadas. O mesmo aconteceu no ámbito das institucións estatutarias que hoxe nos acompañan.

O Consello da Cultura Galega labora sen desmaio na promoción e o desenvolvemento da cultura propia de Galicia, nas súas diferentes manifestacións, sexan estas tradicionais ou de vangarda, sempre con vocación universal, sempre con obxectivos claros, e coa coherencia propia das persoas que converten a vocación e o compromiso no centro do seu día a día.

O Valedor do Pobo, alto comisionado do Parlamento para defensa dos dereitos da cidadanía, foi reforzado nas súas competencias como comisionado autonómico de transparencia, blindado pola independencia reforzada que a lexislación lle outorga.

O poder legislativo galego reforzou igualmente o Consello de Contas atribuíndolle competencias específicas en materia de prevención da corrupción no ámbito da actividade económico-financeira do sector público da Comunidade Autónoma. Atendeuse, deste xeito, unha suxestión xurdida no seo dunha comisión de estudo creada por este propio Parlamento e seguindo, por certo, o modelo implantado con éxito na República Portuguesa, entre outros lugares.

Falo de reformas ambiciosas abordadas por esta Cámara no exercicio das súas competencias para dar resposta a unha demanda social evidente. Fixémolo nun contorno de crise económica, nun contexto de intenso cuestionamento destes órganos, ou mesmo de recortes que nalgunha comunidade cristalizaron coa supresión de órganos análogos.

Pola contra, Galicia, co *sentidiño* que nos caracteriza, foi quen de preservar as ferramentas de promoción da súa cultura, e avanzou cara a un modelo de maior calidade democrática, potenciando os mecanismos de control e prevención e intensificando a transparencia, tal e como demandaba, xa daquela, a cidadanía.

Todo isto, preservando os recursos da xente, xa que nin unha nin outra medida implicaron incrementos do gasto público.

Pero como toda obra humana, nada é perfecto nin inmutable. De aí a importancia de xornadas como a que acabamos de celebrar, na procura da reflexión e experiencias compartidas que, estou seguro, nos axudarán a mellorar.

Moitas grazas.
